



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 05-06-2025, ditou a Resolución 826/2025 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS

EXPTE.: SELECCIÓN DE TRES OPERARIOS/AS FORESTAIS (APROL RURAL EN VIMIANZO 2025)

Expediente: 2025/E001/000009

Expediente de solicitude da axuda: 2025/A008/000037

ANTECEDENTES

O Concello de Vimianzo recibiu a comunicación da Resolución de Concesión de Subvención asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración datada no 15/05/2025 pola que se concede unha axuda ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025:

PROCEDEMENTO: TR351G

EXPEDIENTE: TR351G 2025/000040-01

OBXECTO: APROL RURAL EN VIMIANZO 2025

A dita resolución fixa como data límite para a contratación o 15 de xullo de 2025 e foi concedida para unha contratación coas seguintes características:

Posto: operario/a forestal

Núm. de postos: 3

Xornada: 100%

Meses de contratación: 9

Grupo de cotización: 8

Axuda concedida: 49.806,00

Consta a providencia de Alcaldía, con data do 26/05/2025, que abre este expediente e procede levar a cabo o proceso selectivo seguindo as instrucións do artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

Constan a Resolución de Alcaldía num. 759/2025, con data 26-05-2025, pola que se aproban as bases do proceso selectivo e o a publicación do seu extracto no BOP núm. 103, do 02/06/2025.

Consta a lista remitida pola Oficina de Emprego con número de oferta 12-2025-4419 que recolle 26 persoas candidatas, persoas que foron convocadas por SMS para a presentación da documentación (ata o 04/06/2025) e para a realización das probas (06/06/2025, ás 8:30h).

Segundo consta no Informe de Rexistro foron 11 as persoas que presentaron a solicitude de participación no proceso.

DISPOSICIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

Tense en consideración o documento das bases do proceso selectivo e especificamente a segunda –requisitos de aspirantes-, a quinta –presentación de solicitudes- e a sexta –admisión de aspirantes-.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista de persoas admitidas (non hai persoas excluídas) para o proceso de selección de tres operarios/as forestais no programa Aprol Rural Vimianzo 2025 que se recolle na seguinte táboa:

	TEDEC	APELIDOS	NOME	DNI*
1	2025/E002/000096	ANDRADE GARCIA	ISAIAS	***2821**
2	2025/E002/000091	BARREIRO GOMEZ	MILAGROS	***2300**
3	2025/E002/000097	GARCIA AGUIAR	MIGUEL ANGEL	***7853**
4	2025/E002/000095	MENDEZ LOPEZ	CANDIDO	***9049**
5	2025/E002/000099	PEREZ DEVESA	JOSE	***4605**
6	2025/E002/000093	REY FIGUEIRA	DAVID	***2699**
7	2025/E002/000092	REY LOPEZ	JUAN JOSE	***6591**
8	2025/E002/000094	SANTOS LORENZO	ADELAIDA	***6315**
9	2025/E002/000098	SUAREZ FERNANDEZ	MARIO	***1811**
10	2025/E002/000100	TAJES ALVAREZ	CRISTINA	***1845**
11	2025/E002/000101	VARELA POSE	MANUEL FRANCIC	***5004**

[...]"

Vimianzo, 5 de xuño de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez